



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 8 DE XULLO DE 2011

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as nove horas do día oito de xullo do ano dous mil once, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. José Vicente Ferreira
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Rosa M^a Pazos Lomba
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO DA CORPORACIÓN.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

De conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 38 e 78 do ROF, proponse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte réxime de sesións ordinarias:

As sesións ordinarias da Corporación se celebrarán cada dous meses, nos meses impares (xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro), e desenvolveranse o último venres de cada un dos meses sinalados, as 20.00 (oito) horas.

Se a citada data fora inhábil o Pleno tería lugar venres seguinte hábil a mesma hora.

En A Guarda, a 27 de xuño 2011.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O ALCALDE,
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas

Intervén a señora Estévez Álvarez e di que considera que é mellor celebrar un Pleno cada mes, porque así habería menos plenos extraordinarios e non durarían tanto. Está de acordo en que sexan o último venres de cada mes, excepto en agosto e decembro, e propón un horario de inverno ás 20:30 horas e en verán ás 21:00 horas, así como que a súa celebración teña lugar no Centro Cultural, porque é máis cómodo e resulta máis fácil aparcar.

O señor Lomba Alonso di que este Pleno ten lugar ás 09:00 horas, cando na última lexislatura se celebrou ás 20:00 horas, pensa que sería porque había máis que celebrar. Di que se van abster, e pide responsabilidade e racionalidade no uso dos plenos extraordinarios, pois xa deixou claro na anterior lexislatura a súa opinión sobre o abuso dos plenos extraordinarios.

A señora Iglesias Ferreira propón a celebración dun pleno ó mes, para dar voz ó órgano que representa á maioría do pobo da Guarda, e tendo en conta que cun goberno en minoría as Xuntas de Goberno Local se celebrarán cada quince días, polo que entende que os plenos tiñan que ter maior periodicidade, e os plenos extraordinarios deberían celebrarse á mesma hora que os ordinarios, para mellorar a conciliación familiar e laboral e facilitar a asistencia dos guardeses. En relación co horario, xa sexan ás 20:00 ou ás 20:30 horas, ou en verán ás 21:00 horas, non ten problemas.

Intervén o señor Español Otero e di que a experiencia di que os plenos extraordinarios se celebraron por ser imperativo, e nunca estiveron saturados de propostas do Partido Popular, cre que nos últimos dous anos viñeron media dúcia de propostas, e considera que cada dous meses é unha proposta razoable.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Vicente Ferreira, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, Vicente Santiago, e Estévez Álvarez (sete votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Lomba Alonso e García Díaz (dúas abstencións)

PUNTO 2: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RETRIBUCIÓNS POR DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Examinado o procedemento incoado para sinalar as retribucións e indemnizacións ós membros deste Corporación, con base no preceptuado no Art. 75 da LBRL e 13 do ROF, estudiadas as características peculiares deste Concello, formulase a seguinte proposta:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PRIMEIRO.- Aproba-la seguinte relación de membros da Corporación que desempeñaran o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva e parcial e coa contía que se indica:

a.- Réxime de dedicación exclusiva:

- O Alcalde-Presidente, cunha retribución anual de catorce pagas brutas de 3197,24 Euros.*
- O primeiro Tenente de Alcalde, cunha retribución anual de catorce pagas brutas de 2345,22 euros.*

Estas retribucións faceranse efectivas no seu caso, a partires da data de aprobación desta proposta polo Pleno da Corporación.

As citadas retribucións experimentaran cada ano o incremento que dispoña a lexislación do Estado e a Corporación de A Guarda recoñeza con carácter xeral os funcionarios e persoal laboral ó servizo da Administración Local de A Guarda.

De conformidade coa lexislación vixente, os cargos que se exerzan con dedicación exclusiva serán incompatibles con calquera outra retribución con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes.

Os cargos con dedicación exclusiva serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello as cotas que se impoñen as Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo (cota empresarial).

b.- Réxime de dedicación parcial:

- O Segundo teniente de Alcalde, cunha retribución anual de catorce pagas brutas de 1300,59 euros.*
- Concelleiro delegado de servizos, seguridade e tráfico, cunha retribución anual de catorce pagas brutas de 1300,59.*

SEGUNDO.- Estas retribucións faceranse efectivas no seu caso, a partires da data de aprobación desta proposta polo Pleno da Corporación.

As citadas retribucións experimentaran cada ano o incremento que dispoña a lexislación do Estado e a Corporación de A Guarda recoñeza con carácter xeral os funcionarios e persoal laboral ó servizo da Administración Local de A Guarda.

Os cargos con dedicación parcial serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello as cotas que se impoñen as Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo (cota empresarial). O réxime de dedicación mínima necesaria na dedicación parcial será de dezasete horas e media semanais.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

En A Guarda, a 5 de xullo 2011.
O ALCALDE,
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”

Intervén a señora Estévez Álvarez e pregunta se a propsota pode ser votada por separado, contestando o señor Alcalde que é única e se votará no seu conxunto.

A señora Estévez Álvarez di que ela é nova, e non sabe o traballo que se realiza no Concello, e se resultan necesarias esas retribucións, considera que o tope anual deberan ser 85.000 euros, aínda que todo sería negociable, pois transcorridos tres ou catro meses saberían o traballo que se necesita e poderían dialogar.

O señor Lomba Alonso di que xa fixeron pública a proposta seria e responsable de 96.000 euros, non xogan coas cifras de forma gratuita, pois con esa cifra se pode manter un goberno con condicións dignas. A proposta presentada non colam as expectativas e premisas do BNG e votarán en contra.

Intervén a señor Iglesias Ferreira di que en virtude da austeridade e a actual situación económica debe facerse un axuste salarial, e votarán en contra.

O señor Alcalde di que un non deixa de sorprenderse de certas actitudes, van perder a votación, e se sinte peor non porque non crean que teñen razóns obxectivas, senón pola mezquindade de estar discutindo por diferencias de cifras de 20.000 a 25.000 euros ó ano. A experiencia anterior xa puxo de manifesto que é necesario contar cos dúas dedicacións exclusivas e dúas parciais, ninguén estivo pasando o tempo, se fixeron moitas xestións, as dedicacións parciais se convertiron en totais, e os que non tiñan dedicación fixeron un fantástico traballo. Sinala que isto é o mínimo que A Guarda precisa, para un bó goberno, só con mirar arredor, en Concellos de distinto signo político, as cifras de aquí son ridículas en relación coas que saen na prensa estes días. Poden dicir que queren moito ó seu pobo, pero non cre que noutros Concellos se quera menos. Considera que esta non é a verdadeira política de austeridade e aforro, senón noutros aspectos, como auga, luz, electricidade ou seguridade social, no que se sacaron os centos de miles de euros de aforro. Pensa que o que perseguen algúns grupos é que na Guarda exista o peor goberno posible, pero prefire perder o punto por negar unha dedicación, que deixalo sobre a mesa, igual algún debiera ser consciente e ó sair do pleno pedir ós seus xefes que lles retire o 20% do soldo. O grupo de goberno non descarta ningunha postura, aínda que lles pesa a responsabilidade, pois o pobo quixo un Alcalde deste grupo, pero se a oposición é capaz de impoñer un soldo, deberían ser capaces de poñerse de acordo para gobernar o pobo.

Intervén a señor Estévez Álvarez e di que falaban dun soldo digno, pero digno non é o soldo, senón as persoas, os que se dedican á política deben ser remunerados, pois lles quitan tempo á familia , ó traballo. Non din o que ten que cobrar cada un, eles puxeron un tope negociable, mirando o traballo que se necesite, pois considera que o teniente de Alcalde é un soldo asequible, pero sumando os outros cargos deberían repartilo doutra forma.

Concedida a palabra ó señor Lomba Alonso, di que falando de mezquindade, que alguén como funcionario público pida unha rebaixa ó seu xefe, debería saberse qué nóminas cobran algúns. Di que nas eleccións non se refrendou a maioría absoluta anterior, igual o pobo



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

non estaba contento. P BNG non vai pasar polos 120.000 euros de ata agora, se ben non dixeron qué estrutura de goberno querían, pero o grupo de goberno igual debería cambiar cousas, as comparacións son odiosas e os cálculos poden ser uns ou outros segundo se mire. Se pode entrar promenorizadamente en comparacións, pero non é o momento, o BNG fixo unha proposta razoable, o señor Alcalde debe analizar qué pasou o 22 de maio. Di que en aras da responsabilidade, o BNG está disposto a aceptar 102.000 euros, para conseguir uns soldos dignos, para que sexa votado neste Pleno, que non se diga que non hai vontade de dar gobernabilidade ó pobo.

A señora Iglesias Ferreira di que mantñen a súa postura, e pregunta ó BNG qué porcentaxe aplican na súa proposta, contestando a señora García Díaz que o 15%.

O señor Alcalde di que a proposta do BNG non é a mesma que se mantivo en conversas anteriores, e sinala que nas reunións se falara de 108.000 euros. Di que coa contía que propoñen agora (102.000) non poden resolver, pensa que ó final, do que se trata, é da redución dunha dedicación. Noutros Concellos o número de dedicacións é sustancialmente maior que na Guarda, é imposible para seguir gobernado con dignidade. Pensa que o pobo non lles penou nas eleccións polas dedicacións, e non pode aceptar a proposta do BNG. A proposta de Convergencia Galega lle parece inadmisíble, e a do Partido Popular máis inadmisíble. Seguen adiante coa súa proposta.

Intervén o señor Español Otero e quere recordar a uns e explicarlle a outros que no ano 2005 este Concello non aprobou o orzamento, cun goberno PP-IVBM que cobraba dedicacións exclusivas, e se perderon moitos millóns en subvencións. No ano 2006 ó GMS non lle doeron prendas en explicar ó seu electorado o apoio coa súa abstención, sen ver sequera o orzamento, e para facilitar a súa aprobación. Houbera sido máis rentable electoralmente haber deixado que o PP seguira pudréndose, pero o GMS optou por facilitar que o pobo tivera orzamento municipal e non se perderan subvencións. Quere recordar tamén que hai uns datos para xulgar a un equipo de goberno, sobre a xestión e a austeridade real, atribuíbles a esa concellería que subxace nos discursos, e que son os seguintes: en recollida de lixo, a diferenza entre o período 2004-2007, cun goberno do PP (12.396 toneladas), e o período 2007-2011, cun goberno do GMS (10.936 toneladas), é de 75.920 euros, isto non supón que se producira menos lixo, senón que houbo unha mellor xestión do reciclaxe; no auga de Tui, entre 2.166.594 metros cúbicos e 1.242.601 metros cúbicos, se produciu un aforro de 923.948 euros, sendo a clave que non se gastou menos, senón que se deron de alta ós que non estaban, se repararon fugas e se repuxeron rúas. En materia de electricidade, se pagaban facturas de Fenosasen comprobar, cunha contría de 300.000 euros de máis, que non se deberon ter pagado, se fixo un aforro de 124.000 euros. Na Guarda había infinidade de suministros teóricos de electricidade, que se seguían pagando, pero ninguén se preocupou en ver que algúns non existían. Se habían instalado uns reductores de fluxo por 60.000 euros, e que nunca funcionaron, se puxeron a funcionar despois, e a rebaixa no consumo foi moi importante. Se levou a cabo a reforma nas estacións de bombeo, e hai un menor custe e se bombea máis auga. Todo o dito supón 500.000 euros de aforro real en total por eses conceptos. Di que estas son as razóns polas que lles teñen que xulgar, u odio xa non serve, os parámetros debn ser outros, se debe xulgar o traballo, e non ás persoas polas manías que lles teñan a Freitas , a Miguel ou a Paulino, pois hai persoas con moito poder que fan iso. Diríxese á señora Iglesias Ferreira e di que le se poría colorado pensando que lle está marcando o soldo a un Alcalde, cando en breve ela se irá a Santiago a gañar o dobre que o Alcalde como



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

aprendiz de política ó Parlamento, se ben o de aprender é moi loable. Di que ninguén viría a traballar coa redución do 25% que propoñen, deben ser coherentes, o Alcalde non é menos lexítimo por non ter a maioría absoluta, se está menospreciando á cidadanía, non ó equipo de goberno, queren mermar os recursos humanos para criticar que funcionen peor. Non saben o resultado desta historia, algúns farán unha reflexión política e persoal, aínda que hai posicións que non son políticas, pois pensa que este debate debería darse para proxectos, e non para defender os salarios, descoñecendo as tarefas que se levan a cabo e o traballo real das dedicacións parciais e exclusivas, e indica que a concelleira de Convergencia Galega foi sincera, e dixo que non coñecía o traballo que supón. Convida a facer unha reflexión, se son capaces de condicionar os salarios e limitar o organigrama do Alcalde, o razoable e coherente sería poñer sobre a mesa unha alternativa de goberno, di que eles marcharían coa conciencia moi tranquila.

Intervén a señora Estévez Álvarez e repite que ela é nova, non coñece o traballo, pero a súa proposta é a mesma, esté ben coñecer a historia, pero o orzamento non é o tema de hoxe. Os políticos deberían ter estipulado o seu soldo, sen diferencias nin debates. Pensa que no Concello sobran cousas para preocuparse, para estar con isto.

O señor Lomba Alonso di que lle parece moi ben o currículo que se acaba de dar do concelleiro de servizos, dí ó señor Rodríguez González que llo agradeza ó señor Español Otero. Sempre dixeron que tiñan unha proposta global, o equipo de goberno debe xogar menos ó victimismo e debe poñerse a traballar. Agradece que poña sobre a mesa o que fixo o Partido Popular, pero houbo unhas eleccións que determinaron que a situación de hai catro anos non é válida, o GMS non fai caso do que pasou o 22 de maio. A proposta do equipo de goberno non é válida para o BNG, e votarán en contra.

A señora Iglesias Ferreira di que manteñen a súa proposta.

O señor Alcalde di que a proposta son 114.000 euros.

Sometida a votación a proposta foi acadou seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Vicente Ferreira, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, Vicente Santiago, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove votos en contra).

A proposta non prospera.

PUNTO 3: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A SESIÓNS DO RESTO DOS MEMBROS DESTA CONCELLO.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Examinado o procedemento incoado para sinalar as retribucións e indemnizacións ós membros deste Corporación, con base no preceptuado no Art. 75 da LBRL e 13 do ROF, estudadas as características peculiares deste Concello, formulase a seguinte proposta :

PRIMEIRO.- As contías que percibiran os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial por asistencias a órganos colexiados serán as seguintes :

- a) Por asistencia a Sesións do Pleno da Corporación : 86,00 euros.*
- b) Por asistencia a Sesións da Xunta de Goberno Local : 67,00 euros.*
- c) Por asistencia a Comisións Informativas (Contas, Urbanismo e Asuntos Plenarios) : 67,00 euros*

Estas contías seguirán facéndose efectivas como se viña facendo na actualidade:

1.-Distribución das contías asignadas por asistencia efectiva a cada un dos órganos municipais colexiados proporcionalmente ó número de puntos do orde do día da respectiva convocatoria.

2.- Atribuir a cada un dos corporativos a contía correspondente por asistencia ás sesións, en proporción ó número de puntos nos que se atope presente. Enténdese que se está presente nun punto do orde do día cando a presenza se estenda á dación de contas, debate e votación do mesmo.

3.- Poderá exonerarse desta norma ós componentes do órgano colexiado respectivo cando se dean circunstancias graves ou excepcionais que xustifiquen a súa saída da sesión. Estas circunstancias deberán ser valoradas individualmente para cada caso polo órgano colexiado no que se produzan, e deberán ser aprobadas polo mesmo.

4.- Manter as mesmas condicións en relación co modo de pagamento das asistencias.

SEGUNDO.- Polas comisións de servizo, percibiranse dietas e gastos de desprazamento, de conformidade co disposto no RD 462/2002 e as disposicións que o completen modifiquen ou substitúan. Nos supostos de circulación por autopista de peaxe indemnizarase o importe pagado, contra a presentación dos xustificantes correspondentes.

En A Guarda, a 5 de xullo 2011.

O ALCALDE,

Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”

A señora Estévez Álvarez pregunta, en relación co punto segundo, se cabe establecer un tope máximo mensual.

O señor Alcalde di que entende que non, posto que igual un mes non son necesarias, e outro mes requiren pasar dietas, pensa que fixando un tope máximo, se limitaría a xestión.

A señora Estévez Álvarez pregunta se cabería establecer un tope diario, contestando o señor Alcalde que ven estipulado por lei, o tema do kilometraxe, se ben recorda que aquí



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ninguén percibiu dietas, salvo cando forn a FITUR a Madrid, e de ter que percibirse en xantar, sería o mínimo.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que non ten sentido crear un teito, se ben piden racionalidade, van apoiar a proposta, mantén as contías anteriores, o mínimo que valora o traballo dos concelleiros.

A señora Iglesias Ferreira di que se van abster.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Vicente Ferreira, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, e Vicente Santiago (seis abstencións).

PUNTO 4: PROPOSTA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

De conformidade co establecido no Art. 123 e ss., 127 e 134 do ROF e Art. 66 ,67 e 68 da Lei de Administración Local de Galicia, propónse o Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo :

PRIMEIRO : Crear a Comisión Especial de Contas e Asuntos Económicos, que terá por finalidade o exame, o estudo e informe da Conta Xeral e demais contas anuais, así como os asuntos relativos a economía e facenda do Concello, de conformidade co establecido na lexislación reguladora das entidades Locais.

A composición da devandita comisión, farase na forma establecida nos Art. 66.2 e 68 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, estando integrada por todos os grupos políticos do concello, en numero proporcional a súa representatividade, sendo a súa composición a seguinte:

- Presidente o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.*
- PS de G-PSOE: 3 membros.*
- PP: 3 membros.*
- BNG: 1 membro.*
- CONVERXENCIA GALEGA: 1 membro.*

A designación dos membros desta Comisión terá que realizarse por escrito ante esta Alcaldía, polo portavoz do correspondente grupo político, designándose igualmente os respectivos suplentes.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

As reunións desta Comisión serán ordinarias, aquelas que se celebren para dictamina-los asuntos dos Plenos ordinarios, sendo extraordinarias e, no seu caso urxentes, as demais.

SEGUNDO : Crear a Comisión Informativa de Asuntos Plenarios, que terá por finalidade o estudo e dictame dos asuntos que deban someterse a decisión do Pleno ou da Comisión de Goberno cando actúe por delegación deste. Así mesmo, poderán intervir en relación cos asuntos que deban someterse á Xunta de Goberno Local cando este órgano lles solicite dictame.

A composición da devandita comisión, farase na forma establecida nos Art. 68 e 66.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, estando integrada por todos os grupos políticos do concello, en numero proporcional a súa representatividade, sendo a súa composición a seguinte:

- Presidente o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.
- PS de G-PSOE: 3 membros.
- PP: 3 membros.
- BNG: 1 membro.
- CONVERXENCIA GALEGA: 1 membro.

A designación dos membros desta Comisión terá que realizarse por escrito ante esta Alcaldía, polo portavoz do correspondente grupo político, designándose igualmente os respectivos suplentes.

As reunións desta Comisión serán ordinarias, aquelas que se celebren para dictamina-los asuntos dos Plenos ordinarios, sendo extraordinarias e, no seu caso urxentes, as demais.

TERCEIRO: Crear a Comisión Informativa de Urbanismo, que terá por finalidade o estudo, informe e consulta de tódolos aqueles asuntos urbanísticos que decida o Pleno, tales como instrumentos de planeamento, así como aqueles que decida a Comisión de Goberno, como obras maiores e obras de infraestrutura .

A composición da devandita comisión, farase na forma establecida nos Art.68 e 66.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, estando integrada por todos os grupos políticos do concello, en numero proporcional a súa representatividade, sendo a súa composición a seguinte:

- Presidente o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.
- PS de G-PSOE: 3 membros.
- PP: 3 membros.
- BNG: 1 membro.
- CONVERXENCIA GALEGA: 1 membro.

A designación dos membros desta Comisión terá que realizarse por escrito ante esta Alcaldía, polo portavoz do correspondente grupo político, designándose igualmente os respectivos suplentes.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

As reunións desta Comisión serán ordinarias, aquelas que se celebren para dictaminar los asuntos dos Plenos ordinarios, sendo extraordinarias e, no seu caso urxentes, as demais.

*En A Guarda, a 27 de xuño 2011.
O ALCALDE,
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”*

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo coa proposta, pero pensa que é necesaria a creación de dúas Comisións: unha de instalacións e servizos municipais, como o Conservatorio, a Escola Infantil, etc; e outra de tráfico e seguridade cidadana. Propón ademais que exista unha reserva de prazas de aparcamento na Praza do Reló para o Alcalde o para cada grupo político. Pregunta á secretaria se as sesións das Comisións Informativas son abertas, contestando a secretaria que non. A señora Estévez Álvarez pide un informe da secretaria sobre este punto.

O señor Alcalde recorda que a solicitude de informe da secretaria ten que vir avalado por un número de sinaturas de concelleiros estipulado pola lei, se ben a secretaria lle recorda que pode emitilo se o señor Alcalde o solicita, polo que o señor Alcalde pide a emisión do citado informe.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que votarán a favor, e Comisión de Contas é de obrigado cumprimento, e o resto son as que existían, e o reparto é acorde coa proporcionalidade do Pleno. Di que están abertos a configurar outras Comisións. Votarán a favor da proposta .

A señora Iglesias Ferreira di que votarán a favor, e consideran moi interesante crear outras Comisións non permanentes, por exemplo en materia de contratación e de persoal.

Intervén o señor Español Otero e di que por un lado se xustifica unha rebaixa nos salarios, e doutro se propón crear máis Comisións. Recorda que dúas Comisións son de obrigado cumprimento, e a de Urbanismo é optativa. Estarán suxeitos a debater a creación doutras, pero en aras da austeridade, deben ser consecuentes.

A señora Estévez Álvarez di que piden a creación de dúas Comisións novas, periodicidade concreta, pero que xa estean constituídas.

O señor Lomba Alonso di que eles están abertos a calquera Comisión ou reunión.

O señor Alcalde di que hoxe se crean as Comisións Permanentes, agora non se pode valorar se son necesarias outras Comisións, non é o momento de dabatilo, e pide que a proposta sexa retirada e se concrete por escrito.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Vicente Ferreira, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, Vicente Santiago, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 5: PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A DESIGNACIÓN DOS CONCELLEIROS PARA FORMAR PARTE DO PADROADO MUNICIPAL DO MONTE SANTA TREGA.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

De conformidade cos estatutos do Padroado Municipal do Monte Santa Trega, e constituídos os respectivos grupos políticos deste Concello, corresponde a cada un dos grupos nomear ós seus representantes no citado Padroado, sendo a distribución dos mesmos a que de seguido se cita , formando parte en todo caso e como Presidente do citado Padroado, o Sr. Alcalde do Concello:

- *Polo GMS : un representante.*
- *Polo PP: un representante.*
- *Polo BNG : un representante.*
- *Por CONVERXENCIA GALEGA : un representante.*

A designación de cada un dos representantes dos grupos políticos, deberá realizarse por escrito ante esta Alcaldía polo portavoz do correspondente grupo político, designándose igualmente os respectivos suplentes.

*En A Guarda, a 5 de xullo 2011.
O ALCALDE,
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”*

A señora Estévez Álvarez di que se van abster, non teñen moi clara a legalidade e utilidade dos Estatutos do Padroado.

O señor Lomba Alonso di que o BNG xa leva tempo dicindo que o Padroado non funciona, algo compartido por moitos, debe facerse unha reforma profunda, e ver se os Estatutos se axustan á legalidade ou non. DI que aquí si debería de crearse unha Comisión, é un tema importante e sensible. Insta e solicita ó señor Alcalde unha Comisión ó uso e non retribuída para afrontar o tema.. O BNG se vai abster, coa labor deste Padroado non están de acordo, debe facerse unha reflexión e unha reforma, o máis preocupante non son os membros, senón o Padroado en sí.

A señora Iglesias Ferreira di que votarán a favor da proposta, e outros temas deben ser tratados no Padroado.

O señor Alcalde pide que se queren melloralo deben contar cos membros do Padroado.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González , Iglesias



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Ferreira, Rodríguez Amenedo, Vicente Ferreira, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, e Vicente Santiago (catorce votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres abstencións)

PUNTO 6: PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A DESIGNACIÓN DOS CONCELLEIROS PARA FORMAR PARTE DA MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL DO BAIXO MIÑO.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

De conformidade co establecido nos Art. 5 ó 10 dos Estatutos da Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño, que rexen o funcionamento da Xunta de Goberno da mesma, corresponde o Concello de A Guarda nomear un concelleiro desta Corporación e o seu correspondente suplente, que xunto co Alcalde represente ó Concello de A Guarda na citada Mancomunidade, facendo constar que como suplente da Alcaldía e de conformidade cos estatutos, actuará o 1º Tenente Alcalde, D.Miguel Ángel Español Otero.

Polo que propono ó Pleno da Corporación designar como representante do Concello de A Guarda na Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño a D. Paulino Rodríguez González, e como suplente a concelleira Dna Montserrat Magallanes Álvarez..

En A Guarda, a 5 de xullo 2011.

O ALCALDE,

Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”

A señora Estévez Álvarez di que a Mancomunidade debería ter representación de todos os grupos políticos, propón que sexa o señor Alcalde e Convergencia Galega, e suplentes o Partido Poular e o BNG, porque o PP ten Tui, O Rosal e Oia e o BNG ten Tomiño, e o Partido Popular non perde a maioría, e pide que as actas se manden a todos os grupos políticos.

O señor Lomba Alonso di que a representación dos Concellos é equilibrada, pensa que un grupo que ten só un concelleiro, como Convergencia Galega, non debería representar a cinco Concellos. Isto sería discutir sobre o funcionamento da Mancomunidade, esta fórmula se fixo patente co goberno PP-IVBM, era esperpéntico que un grupo que tiña dous concelleiros tivera representación. Se queren ser serios, deben falr dun reparto democrático, con representatividade da comarca, non dos partidos políticos.

A señora Iglesias Ferreira di que se van abster.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, e Castro González (oito votos a favor).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Vicente Ferreira, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, Vicente Santiago, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove abstencións)

PUNTO 7: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS CONSELLOS ESCOLARES.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Pola presente, propoño o Pleno da Corporación o nomeamento dos seguintes concelleiros e concelleiras, como representantes da Corporación nos consellos escolares dos colexios públicos e do Instituto da Guarda:

*IES A Sangriña : D. Miguel Ángel Español Otero.
CEIP A Sangriña: D. Manuel Javier Crespo González.
CEIP M.R. Sinde: D. Antonio Lomba Baz.
CEIP Solanas: Dna. Carmen María Castro González.
Escola da Gándara: D. Paulino Rodríguez González.
Escola de Sete Camiños: D. José Manuel Domínguez Freitas.
Conservatorio: Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.
San Xerome: Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.*

En A Guarda, a 5 de xullo 2011.

O ALCALDE,

Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”

A señora Estévez Álvarez pregunta se San Xerome é público, contestando o señor Alcalde que é concertado, se ben pediron que o Concello designase un representante, pero non é un ensino reglado, depende de subvención.

A señora Estévez Álvarez di que entende que debera haber representantes de todos os partidos políticos.

O señor Lomba Alonso di que se van abster, é unha proposta do equipo de goberno.

A señora Iglesias Ferreira di que se van abster.

O señor Alcalde di que así é mellor, pola transmisión das necesidades dos centros, sen intermediarios, para unha xestión máis áxil, é mellor que sexan membros do equipo de goberno, así se ven facendo dende sempre.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, e Castro González (oito votos a favor).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Vicente Ferreira, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, Vicente Santiago, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove abstencións)

PUNTO 8: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NA CRUZ ROJA BAIXO MIÑO.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

VISTO o escrito recibido no Concello con data 25 de xuño de 2011 (RE 3982) do Presidente Comarcal da Cruz Roja en Baixo Miño, para proceder á designación dun representante do Concello de A Guarda no Comité Comarcal, proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Nomear como representante do Concello de A Guarda no Comité Comarcal da Cruz Roja en Baixo Miño á concelleira dona Teresa Vicente Baz.

2.- Remitir o presente acordo ó Comité Comarcal da Cruz Roja en Baixo Miño.

*A Guarda , 27 de xuño de 2011
O Alcalde,
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”*

A señora Estévez Álvarez di que se van asbter.

O señor Lomba Alonso di que se van asbter.

A señora Iglesias Ferreira di que se van abster.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, e Castro González (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Vicente Ferreira, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, Vicente Santiago, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove abstencións)

PUNTO 9: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

De conformidade co establecido no Art. 73.3 da Lei 11/1999 , de 21 de abril , de modificación da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladoras das Bases de Réxime Local, o Pleno da



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Corporación, poderá asignarse ós grupos políticos unha dotación económica, que deberá contar cunha contía fixa e idéntica para tódolos grupos, e outra variable, en función do número de membros de cada un deles, sen que poidan destinarse ó pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial. Asimesmo, os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da devandita dotación, que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que éste o pida.

Por todo o antedito, propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Asignar a cada un dos grupos políticos con representación na Corporación unha cantidade fixa mensual para cada un deles de 150,00 Euros, (cento cincuenta euros) e 30 euros (trinta euros) por cada concelleiro do grupo respectivo.

*En A Guarda, a 5 de xullo 2011.
O ALCALDE,
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”*

O señor Alcalde di que se trata da mesma proposta que na anterior lexislatura.

A señora Estévez Álvarez di que cren que a asignación é para manter os locais, o seu aluguer, auga e luz, e debera facerse un reparto máis equilibrado, subindo a fixa mensual do grupo e baixando á dos concelleiros. Propón que se asigne 13 euros por concelleiro e 220 euros a cada grupo.

O señor Lomba Alonso di que votará a favor da proposita da Alcaldía.

A señora Iglesias Ferreira di que se vai abster, e estudiaría calquera outra que se traia do equipo de goberno.

O señor Alcade di que manteñen a súa proposta, está ben, parécelles mais procedente, nunca xerou controversia na lexislatura anterior.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González , Lomba Alonso e García Díaz (dez votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Vicente Ferreira, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, e Vicente Santiago (seis abstencións)

PUNTO 10: DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE GOBERNO, E NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA MESMA.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde da conta do seguinte decreto:

“DECRETO 0427/2011 RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 5 DE XULLO DE 2011.

Vistos os Art. 20.1b) e 23.3. da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, e Art. 59.2 b) e 62.1 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia, esta Alcaldía en uso das atribucións que lle confire o art. 23.3. da Lei 7/85 e de conformidade co establecido no Art. 46, 52 e 53 do ROF, RESOLVO:

PRIMEIRO: Constituí-la Xunta de Goberno Local do Concello de A Guarda, que estará formada baixo a Presidencia da Alcaldía, polos seguintes concelleiros:

*D^a. Montserrat Magallanes Álvarez.
D. Miguel Ángel Español Otero.
D^a. Teresa Vicente Baz.
D. Antonio Lomba Baz.
D. Don Manuel Javier Crespo González.*

A Xunta de Goberno Local reunirase, en sesión ordinaria, quincenalmente, ós martes ás oito horas e trinta minutos (08,30 hrs.), se o día sinalado fose inhábil a sesión ordinaria celebrarase ó día seguinte habil e a mesma hora.

SEGUNDO: Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de A Guarda os seguintes concelleiros membros da Xunta de Goberno Local, ós que substituirán o Alcalde na totalidade das súas atribucións e pola orde que se establece nos casos de ausencia, enfermidade ou outro impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións:

*1º.- D. Miguel Ángel Español Otero.
2º.- Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.*

TERCEIRO: A Xunta de Goberno Local asumirá as funcións de asistencia e asesoramento a esta Alcaldía que lle atribúen directamente os artigos 23.2 da LRBRL e 53.1 do ROF, así como as que lle atribúan directamente as leis, y por delegación desta Alcaldía asumirá as seguintes competencias:

- O outorgamento de licenzas urbanísticas, salvo que as leis sectoriais as atribúan expresamente ao Pleno.

- Solicitude de todo tipo de axudas e subvencións.

Esta Alcaldía se reserva a posibilidade de avocar en calquera momento a competencia delegada, conforme ao establecido nos artigos 116 do ROF, en relación có artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro. O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do ROF.

CUARTO: Notificar o presente Decreto aos Concelleiros afectados, o cal xurdirá efectos dende o día seguinte da súa firma, sen prexuízo da súa publicación no BOP



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

QUINTO: Dar conta do presente Decreto ao Pleno do Concello na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do disposto no artigo 38 del ROF, a efectos de que quede enterado do seu contido.

Na Guarda, a 5 de xullo de 2011.

O ALCALDE

Ante min, a Secretaria

José Manuel Domínguez Freitas

Julia M^a Carrasco González-Alegre

Os membros da Corporación se dan por enterados.

PUNTO 11: DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN MATERIA DE DELEGACIÓNS.

O señor Alcalde da conta do seguinte decreto:

“DECRETO 0371/2011 RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 24 DE XUÑO DE 2011.

Vistos os Art. 20.1b) e 23.3. da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, e Art. 59.2 b) e 62.1 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia, esta Alcaldía en uso das atribucións que lle confire o art. 23.3. da Lei 7/85 e de conformidade co establecido no Art. 46, 52 e 53 do ROF, RESOLVO:

PRIMEIRO: Nomear Concelleiros Delegados das áreas que a continuación se relacionan:

- *Turismo, Facenda, Comercio, Industria e Pesca: Dona Montserrat Magallanes Álvarez.*
- *Vías e Obras; Formación e Emprego; e Persoal : Don Miguel Ángel Español Otero.*
- *Servizos, Seguridade e Tráfico: Don Paulino Rodríguez González.*
- *Servicios Sociais, Xuventude e Sanidade: Dona M^a Teresa Vicente Baz.*
- *Cultura, Educación, e Novas Tecnoloxías: Don Antonio Lomba Baz*
- *Patrimonio, Deporte e Medio Ambiente: Don Manuel Javier Crespo González.*
- *Igualdade: Dona Carmen M^a Castro González.*

SEGUNDO: Notificar o presente Decreto aos Concelleiros afectados, o cal xurdirá efectos dende o día seguinte da súa firma, sen prexuízo da súa publicación no BOP

TERCEIRO: Dar conta do presente Decreto ao Pleno do Concello na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do disposto no artigo 38 del ROF, a efectos de que quede enterado do seu contido.

Na Guarda, a 24 de xuño de 2011.

O ALCALDE

Ante min, a Secretaria

José Manuel Domínguez Freitas

Julia M^a Carrasco González-Alegre

Os membros da Corporación se dan por enterados



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 12: DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E DESIGNACIÓN DOS SEUS PORTAVOCES.

O señor Alcalde da conta dos escritos presentados polos catro grupo políticos municipais.

1.- Grupo Municipal Socialista:

- D. Jose Manuel Domínguez Freitas
- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.(voceiro)
- D. Paulino Rodríguez González
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.

Establecen como suplentes do voceiro a todos os demais integrantes.

2.- Grupo Municipal Partido Popular:

- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. José Vicente Ferreira
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Rosa M^a Pazos Lomba
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago

Establecen unha voceiría conxunta.

3.- Bloque Nacionalista Galego:

- D. Xan Lois Lomba Alonso (voceiro).
- Dna. Hortensia García Díaz

4.- Convergencia Galega:

- Dna. Beatriz Estévez Álvarez (voceira)

O señor Lomba Alonso pide e explique se o escrito do Partido Popular é válido, contestando a secretaria que xa falou cos representantes do Partido Popular, e como non existe un modelo oficial de escrito para constituir os grupos políticos, cada un presenta o que estima oportuno, e en relación coa voceiría conxunta, xa sucedeu noutras lexislaturas con outros grupos, supón que é para intervir nos Plenos, se ben todos os concelleiros poden facelo, e neste caso, para os asuntos ou convocatorias dos voceiros, se terá en conta á señora Iglesias Ferreira como voceira do PP.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e vintecinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión , de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre